



NOS ÚLTIMOS 4 ANOS
FIXEMOS POSIBLE
REDUCIR NUN 45% O LIXO
DAS PRAIAS EN SAN XOÁN

LOITAMOS CONTRA OS
PLÁSTICOS NOS AREAIS

GAÑAREMOS A BATALLA Á
CONTAMINACIÓN

MOLLATE.CORUNA.GAL

SOMOS QUEN

MOLLATE!

WWW.SANXOANCORUNA.ES
#MOLLATE #SANXOAN2019



OUTRO SAN XOÁN É POSÍBEL

Un no que o mar non padeza as consecuencias da festa. No que as nosas praias non esperten cheas de plástico e lixo. Un San Xoán diferente, divertido, alegre, sustentable e de todas.


Para logralo, como todos os anos, necesitamos a colaboración de toda a veciñanza: nos últimos 4 anos reducimos nun 45% o lixo nas praias. E aínda podemos máis. Somos quen. Loitamos contra o lixo nos areais e gañaremos a batalla da contaminación.

A Coruña é unha cidade atlántica, amamos o mar, coñecemos ben as mareas. Chegou o momento de comprometerse para salvar o que é de todas.

**ESTE ANO, GOZA, RI, BAILA,
SALTA AS FOGUEIRAS...**

E COIDA DA PRAIA.

É TÚA. É NOSA.



MÓLLATE POR UN SAN XOÁN DIFERENTE!

Entre todas, temos que recuperar San Xoán, conseguir que sexa sustentable e respectuoso co noso patrimonio histórico, natural e cultural. Pero isto só o podemos conseguir coa colaboración de todos e todas. Queres participar? Aquí teas varias accións e propostas para facelo:

TI TAMÉN PODES COLABORAR

Volve o Comando Móllate en 2019! Ti podes facer moito na túa contorna: fala coas túas amizades e familia da importancia de coidar das praías esa noite. Contamos contigo: só co compromiso da cidade toda poderemos lograr un San Xoán máis limpo e responsable.

Querémolo facer mellor áinda: comeza a actuar no San Xoán e continúa contribuíndo á sustentabilidade do planeta todo o ano.

NON BAIXES PALÉS Á PRAIA!

Sabes cantas puntas de ferro leva cada palés? Máis de 60. Imaxina todos esos cravos espallados pola area durante todo o verán: o dano que pode facer iso ao noso medio ambiente, pero tamén ás persoas que gozan das praías.

Lembra que o Concello porá ao teu disprixir madeira non contaminante: este ano, evita os palés! Non deixes a praia sementada de cravos

OLLO COS FAROLILLOS!

Son moi bonitos, xa... sobre todo cando caen ao mar ou prenden as árbores. Non, os farolillos non son unha boa idea para celebrar San Xoán. Pérdense e contaminan ademais de ser un risco xa que provocan lumes non controlados, polo que deixa os farolillos na túa casa. Hai millóns de opcións para celebrar San Xoán sen ensuciar nin poñer en perigo a ninguén.

ZONAS DE RECOLLIDA DE LIXO, WC E REPARTO DE LEÑA. (A PARTIR DAS 18.30 H)

Usa a leña posta ao teu dispo
e lembra que non podes usar palés,
madeira con puntas, mobles, etc.

Tes contedores de recollida de lixo por todo o
paseo: non deixes os teus residuos na praia!

- Zonas de recollida de lixo,
reparto de leña e WC.



PRAIA VIVA Praia Viva. Espazo de
diversión sen lixo



ESPACIO PARA PERSONAS CON
MOTRILIDAD REDUCIDA Espazo adaptado para
 persoas con mobilidade
reducida





WWW.SANXOANCORUNA.ES
#MOLLADE #SANXOAN2019

NON SE PODEN FACER FOGUEIRAS EN CALQUERA SITIO, É CUESTIÓN DE LÓXICA



ONDE PODO FACER UNHA FOGUEIRA?

Onde o teu sentidiño che indique que non hai perigo ningún. Nin para ti, nin para quen vaia estar de festa contigo, nin para o patrimonio público ou particular, nin para o noso patrimonio común, xa sexa cultural ou ambiental. Á menor dúbida, mellor buscar outro lugar, non vaia ser.



ONDE NON?

Onde viven árbores ou vexetación, ou vexas que pode haber risco para a xente ou para o patrimonio. Por exemplo:

Campos arredor da Torre de Hércules e contorna vexetal da Praia das Lapas.
Tampouco nas zonas de árbores como as de San Pedro de Mezonzo, do barrio das Flores, praza de Monforte, Campo da Leña, Campo de Marte, só por mencionar algunas...
Lugares de especial valor natural e cultural como: Praza das Bárbaras, Parque de Santa Margarida, Xardíns de Méndez Núñez...

CÓDIGO DE CONDUTA AMBIENTAL PARA A NOITE MEIGA

Todas e todos debemos contribuír esa noite dando exemplo e tentando que as persoas do noso arredor fagan o mesmo. Como conseguilo? Con coidado!



1) Coida de todos: non baíxes palés á praia

Os palés deixan cravos na area durante todo o verán, e son un grave perigo para a natureza e a saúde das persoas.



2) Coidado coas distancias

Polo menos, a 20 metros das árbores e 5 metros arredor de cada fogueira.



3) Coidado cos farolillos

Son bonitos pero non son unha boa idea. Pérdense, contaminan e poden provocar lumes.



4) Coidado co que queimas

Non botes plásticos, cauchos, rodas, colchóns nin calquera produto ou obxecto inflamable.



5) Coidado cos teus residuos

Eixe materiais reciclables e usa sempre os contedores. O vidro no está permitido!



6) Coidado cos seres vivos

As árbores e a vexetación en xeral. Son seres vivos, e tamén patrimonio da cidade. Cóidaos!



7) Coidado con...

A area e o mar non son lugares para aliviar a túa vexiga. O mar é moi perigoso, e durante o resto do verán xente de todas as idades van pasar moitas horas na area.



8) Coidado ao rematar a festa

Cando remate a festa o lume deberá quedar absolutamente apagado. Asegúrate persoalmente de que non quedan baixo as cinzas brasas ou rescoldos aceiros.



9) Coidado co planeta

A Noite Meiga é -sempre foi- unha festa de celebración da natureza. Comprométete e colabora coa defensa do noso patrimonio cultural e natural!



PRAIAS VIVAS NO ORZÁN, MATADOIRO E RIAZOR

Espazos de troula compatibles cunha contorna viva e onde os coidados están no centro.

Este ano volve o proxecto Praias Vivas que demostra que un San Xoán diferente pode ser tamén divertido. As praias do Matadoiro e unha parte de Riazor e Orzán converteranse en Praias Vivas, con actividades para todas as idades, onde prestaremos unha importancia especial ao coidado da praia e das persoas.

Estás convidado, estás convidada! Ven e participa construíndo praias vivas de verdade.

Segue as redes de [@corunasostible](#) para máis info!





 @CorunaSostible

 facebook.com/CorunaSostible



CORUÑA
PRÓXIMA

